



## Plan de adaptación da biblioteca CEIP Manuel Murguía á situación Covid-19 no curso 21-22

A biblioteca do Ceip Plurilingüe Manuel Murguía comeza un novo curso con moita ilusión pero con moita precaución, xa que seguimos a manter protocolos sanitarios debido á continuidade da situación Covid-19.

### Acceso e circulación

- Abrirá en horario lectivo de luns a venres de 9:00 a 14:00 e, se a situación sanitaria o permite, de 16:00 17:00 de martes a xoves cun mestre encargado de garda.
- O aforo da biblioteca do CEIP Plurilingüe Manuel Murguía será dun grupo clase. Nunca haberá nenos/as de distintos grupos.
- Cada titoría terá asignada unha hora semanal de uso exclusivo na biblioteca.
- O alumnado de Educación Infantil accederá á biblioteca, co seu titor/a, no horario asignado para tal fin, como viña sendo habitual en anos anteriores.
- Durante os recreos a biblioteca pode ser utilizada como sala de traballo e lectura polo alumnado do grupo de convivencia estable ao que lle toque facer o préstamo.
- Igual que en todo o centro, o uso da máscara é obrigatorio en todo momento, tanto por parte do profesorado coma do alumnado.
- É obrigatorio manter a distancia de seguridade e respectar as normas especiais da situación COVID- 19.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelmurguia/>

## CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA

R/ Feáns, s/n 15190 A CORUÑA  
Tlfn: 881960763 Fax: 881960764  
E-mail: [ceip.manuel.murguia@edu.xunta.es](mailto:ceip.manuel.murguia@edu.xunta.es)

### Organización dos espazos

- Estableceranse indicadores de espera para o préstamo de libros nos recreos, para manter unha certa distancia na fila de préstamos/devolucións. Nunca se superará o aforo permitido.
- Faranse sinalizacións no mobiliario para que os usuarios que empreguen a biblioteca poidan cumprir coa normativa.

### Limpeza e desinfección

- Todos/as os/as usuarios/as deben hixienizar as mans á entrada da biblioteca; para isto haberá dispensadores de xel hidroalcohólico xunto á porta de acceso.
- A biblioteca estará ventilada coa maior frecuencia posible.
- Serán os titores/as ou mestres encargados de garda os que deberán deixar hixienizado os postos despois de cada uso.
- A persoa de garda de biblioteca hixienizará o seu posto de traballo: mesa, cadeira e ordenador, en cada uso. A biblioteca ten que quedar ordenada.



## **Procedemento para os préstamos durante os recreos**

### **Préstamo en Educación Infantil**

- Os mestres de Educación Infantil farán unha selección de libros para a súa aula, que se irán emprestando ao longo do 1º trimestre entre os nenos e nenas da aula, gardando as pertinentes cuarentenas antes de viaxar a outra casa.

### **Préstamo en Educación Primaria**

- Nos recreos, seguindo os horarios establecidos por cursos, os nenos/as poden baixar á biblioteca para coller un libro en servizo de préstamo.
- Os alumnos/as baixarán cos carnés da biblioteca para facer o préstamo.
- Unha vez que escollan o seu libro colocaranse na fila para poder rexistralos no programa Meiga, por parte dos profesores/as encargados/as para tal fin.

### **Devolucións**

- Os libros que se queiran devolver serán depositados directamente polos/as usuarios/as nas caixas habilitadas na biblioteca e identificadas a tal efecto.
- O material devolto deberá permanecer en caixas identificadas durante 24 horas, antes de ser xestionado (devolto no catálogo Meiga e utilizado de novo).
- Unha vez baleiradas as caixas do material devolto, serán hixienizadas con solución hidroalcohólica antes de volver ser utilizadas.



### **Colaboradores**

- O alumnado de 6º curso de Educación Primaria, como colaborador da nosa biblioteca, baixará (no horario preestablecido) a dar de baixa os libros que xa pasaron a cuarentena, sempre custodiado polo profesorado encargado da biblioteca.

### **Outros aspectos:**

- Estas normas poderán sufrir variacións en función da evolución da situación sanitaria.
- Mantéñense todas as normas de uso da biblioteca xa establecidas e que non son incompatibles coa situación xerada pola COVID-19.
- En caso de confinamento e cese de actividades presenciais, establecerase un horario de atención para o profesorado e o alumnado, en función das necesidades e da situación epidemiolóxica e sanitaria.
- Si se utilizan xogos de mesa e materiais semellantes que impliquen un uso compartido, deberán desinfectarse e permanecer sen uso 24 horas.
- Todas as actividades planificadas polo equipo de biblioteca deberán cingirse a estas normas, priorizándose sempre as accións virtuais a través do noso blogue: Murguiteca <https://mmurguiabiblioteca.blogspot.com/>. En caso de actividade non presencial, reforzarase con recursos electrónicos e dixitais.

O Equipo de Biblioteca Escolar